

■ I+C: A CREATIVIDADE E A PRODUCCIÓN DE CONTIDOS

Moderadora: **Margarita Ledo Andión**

Profesora da Universidade de Santiago de Compostela

Relatores:

Elizabeth Cowie, Universidade de Kent

Jorge Paixao da Costa, Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxía

Régine Debatty, Blogger en we-make-money-not-art.com

■ I+C: LA CREATIVIDAD Y LA PRODUCCIÓN DE CONTENIDOS

Moderadora: **Margarita Ledo Andión**

Profesora de la Universidad de Santiago de Compostela

Ponentes:

Elizabeth Cowie, Universidad de Kent

Jorge Paixao da Costa, Universidad Lusófona de Humanidades y Tecnología

Régine Debatty, Blogger en we-make-money-not-art.com



A creatividade, como constitutiva dunha obra pensada para un público, que envolve á persoa autora e máis á espectadora, analízase como un dos lugares nos que a relación entre cultura, tecnoloxía e ideoloxía –ou propostas/respostas- froitifica, para alén da aplicación de ideas, linguaxes e procedementos. A sesión desenvólvese arredor de tres tópicos: o documental e o seu espectador; o espectador de televisión; os novos medios e a esfera pública.

A profesora da Universidade de Kent, Elizabeth Cowie, a partir da centralidade do pensamento do espectador e non tanto da intención do autor, prantexou o papel que xoga o desexo nos procesos de coñecemento. Así, a identificación con determinado relato do real non devén dos feitos en sí senón do modo en que os materiais 'obxectivos' se dirixen, interpelan a un suxeito e é nese modo de interpelación onde poderá estar a marca autoral. Co exemplo na obra de Spike Lee, 2006, *When The Levees Broke: A Requiem in Four Parts*, a empatía emerxe non a través do coñecemento dos feitos senón

da experiencia das consecuencias deses feitos que, neste caso, son historias de vida mudadas polo furacán Katrina.

O profesor da Universidade Lusófona de Lisboa, Jorge Paixao da Costa adopta a definición doutros estudosos para o espectador da televisión xeneralista como “nervoso e insatisfeito”, un espectador que califica de residual para concluír que no rol actual que se lle asigna, o de mercadoría, coa engádega da programación pensada como publicidade, a creatividade é imposible. Nesta paisaxe xa é unha constante a fuxida do espectador máis novo cara as xanelas alternativas, internet incluída. Novas formas para novos contidos, sobre todo nas series de ficción, poderían ser a solución.

A animadora do blog *we make money not art*, Régine Debatty, falou dun novo suxeito, apropiacionista e interactivo, que non precisa ser un experto en tecnoloxía para usar e adaptar diferentes continxencias e experiencias na rede. Na exhibición e explicación do seu proceso de traballo, co que vai probando as maneiras de facerse cun público mentres realiza escollas editoriais que a contentan só a ela e espantan aos máis, e co que vai gañando cartos a conta das multinacionais, Régine Debatty trouxo á escea un recambio iconográfico e de códigos polos que emerxe unha aposta que nos retorna ó lecer de ver.